

CURSOS

PREPARATORIOS PARA AS PROBAS CELGA

Informamos que a Resolución do 4 de febreiro de 2026, da Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia, anunciou a convocatoria de varios **cursos gratuítos de lingua galega preparatorios** das probas para obter os certificados de lingua galega **Celga 2, Celga 3 e Celga 4**.

Poderán ser solicitados por todas as persoas **maiores de 16 anos** ou por aquelas que os fagan no ano natural da convocatoria.

As persoas interesadas en inscribirse nos cursos, presentarán a súa solicitude a través da plataforma de teleformación da Secretaría Xeral da Lingua, no seguinte enderezo electrónico:

<https://formacion-lingua.xunta.gal/>

Ou tamén no seguinte código QR:



O **prazo de presentación de solicitudes** é do **12.02.2026** ao **05.03.2026** (ambos incluídos).

Para máis información, acode a túa sección sindical de CCOD

26 de febreiro do 2026